

VIEIROS

Cartafof

Xestionado por [Héitor Mera](#)

Ramón Loureiro: As galeras de Normandía

Cunqueiro soñou con Normandía

As galeras de Normandía

Ramón Loureiro

Xerais, Vigo, 2005. 334 páxs., 17,50 €

A Terra de Escandoi, a Terceira Bretaña, os dominios do Príncipe de Dúas Cabezas Henrique de Caldaloba... é ou foi un territorio propicio para a épica. Un continxente de máis de vinte mil homes avanzando pola chaira cara ao mar, sempre ao norte. Porque se agarda, ou se agardaba, a chegada das galeras de Normandía, para comezar daquela, tras o encontro, a cruzada dos vencidos contra unha caste explotadora. É un tempo axeitado para certa épica. Estamos entrando no século XXI. E por iso a xa nomeada alteza viste "cun manis laranxa sen someter, desmetido por riba do pantalón vaqueiro, cun chaleco de pastor de ovellas e calzada con zapatóns de camiñar polos carreiros do monte". Non habendo xustiza en Escandoi, asume o mando a vella nobreza de filiación artúrica (ou non somos bretóns?). Voga desde Normandía a esperanza.

- 18:56 21/06/2005

Ramón Loureiro trasládanos outra volta ao espazo mítico-literario que xa debuxara nas súas anteriores novelas, *Morgado* (1997) e *O corazón portugués* (2000). Nesa Terra de Escandoi na que se mesturan as almas dos mortos en peregrinaxe a Santo Hadrián de Lonxe, a caduca e inepta (e aínda así tenra) nobreza que vive do pasado e goza dos nosos tempos, a cobiza e a iniquidade dos estamentos sociais máis repugnantes, as voces de procedencia descoñecida que todos escoitamos, a dor e a dignidade dos oprimidos... xusto aí, nese cruce de instancias, técese o motor d' *As galeras de Normandía*.

Como fixera Cunqueiro, conscientemente homenaxeado no libro e no conxunto da obra de Loureiro, paródiase as circunstancias da materia de Bretaña, e resitúase o seu espazo literaturizando unha paisaxe achegada (Escandoi, trasunto ficcional das terras entre Mondoñedo e Ferrol). Despois de Cunqueiro, e antes do escritor que nos ocupa, foi este un terreo explotado na literatura galega por varios autores, entre os que sobrancea Darío Xohán Cabana. Con todo, Loureiro vai máis alá do que foron os continuadores do mestre, e mesmo máis alá que o mestre nalgún sentido.

Cunqueiro parodia e somete a escarnio unha tradición literaria "seria" coma a épica artúrica, e válese dos seus personaxes para achegarse a grandes cuestións da existencia humana coma o paso do tempo, a incerteza da morte, o cuestionamento da identidade, o límite entre realidade e ficción, etc. Loureiro percorre esta senda ao xeito que el lle aprendeu, mais introduce nas súas obras unha aceda denuncia da inxustiza do

seu tempo. N◆ *As galeras de Normandía*, cando se fala da *realidade* da Terra de Escandoi explicitase a opresión duns poucos sobre a maioría, a degradación dunha bisbarra esquecida por toda autoridade, a tristeza dunha xente condenada ao silencio (e aí, no espello: Ferrolterra, entrando no século XXI).

Cun estilo lingüisticamente exuberante e desbordado, de período longo, e con personaxes que se reparten entre os que nacen dunha imaxinación fermosamente irreverente e os que agroman desde a realidade máis miserábel, Loureiro revisita lugares e persoas facilmente identificábeis: as rúas e as cafeterías de Ferrol, as vistas da ría da cidade, os miradores da bisbarra, montes, ermidas... e tamén Carlos Casares, Torrente Ballester, amigos persoais do autor, e até el mesmo. Coxea por esta banda a novela, que se achega perigosamente a certo localismo que o autor podería coidar máis. Con todo, *As galeras de Normandía* sae a flote en conxunto.

A fermosa poética de Ramón Loureiro constitúe un verxel dentro do panorama narrativo galego. O seu valor reside na utilización virtuosa e renovada duns materiais literarios case manidos na nosa literatura, creando un cronotopo de beleza incontestábel. Como se fixera inxustamente con Cunqueiro, ninguén poderá acusar a Loureiro de escapismo (hoxe, coma no franquismo, non falta a impunidade). A andanza doutro tempo que vehicula o libro, a expedición redentora cara ao encontro cos normandos, empréndese co obxectivo de mudar o estado das cousas. Se Henrique de Caldaloba é un inepto, se Manolo Merlín está vello, se a Miguel o Morgado xa o mataron os caciques nun libro anterior... a xente desespera, actúa, renuncia e desconfía dos elixidos pola divindade. Escandoi é Terra da Tristeza. Polo de agora.

[mércao en Andel](#)